



BASES DE PARTICIPACION NO MERCADO MARIÑEIRO 2022

1.- Obxeto:

As presentes bases teñen por obxeto establecer as condicións e o procedemento de outorgamento da autorización da ocupación de terreos de uso público para instalación de diferentes postos de artesanía os días 16 e 17 de xullo do presente ano. O número mínimo de postos requeridos para levar a cabo o evento serán dun mínimo de quince e un máximo de trinta e cinco, podendo tomar parte nesta feira calquer vendedor ou vendedora de produtos artesás presenten que cumplan as bases e presenten a solicitude en tempo e forma.

2. Normativa reguladora

As instancias solicitando tomar parte no Mercado Mariñeiro 2022 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, na Sede Electrónica de Sada (sada.gal) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En cumprimento da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administración pública no artigo 14 as personas xurídicas deberán relacionarse de maneira electrónica coas administracións publicas.

3. Inscripción, prazo de presentación e documentación requirida

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles desde a súa publicación na páxina web do Concello de Sada. As solicitudes deberán presentarse por Rexistro co modelo de inscrición debidamente cumprimentado (Anexo I), xunto con fotocopia do DNI.

4. Montaxe e Horarios

A montaxe levarase a cabo o sábado 16 a partir das 8h. A desmontaxe levarase a cabo o domingo 17 de xullo a partir das 21:00h. O horario de venta ao público os días da feira será das 11:00 ás 21:00 horas o sábado e de 12:00 ás 21:00 horas o domingo ininterrumpidamente. Os e as participantes comprométense a cumprir co horario de apertura e peche, non podendo recoller antes do horario establecido.

A organización garante o servizo de seguridade nocturna no recinto acotado para a noite do 16 ao 17 de xullo. A organización non se fai responsable do contido do posto no horario de apertura da feira.



5. Asignación de Espazos e ubicacións da Feira

A asignación dos espazos corre a cargo da organización do Mercado, buscando o consenso cós e coas participantes; en caso de non acadarse, será por sorteo debido as limitacións do espazo existente. O espazo individual a ocupar será de 3x3 m².

A distribución dos postos poderá ser modificada por este Concello por causas organizativas.

6. Obrigacións por parte das persoas participantes:

- A participación é gratuíta para o artesán ou artesá.
- Priorizaráse os postos de venta de artesanía e que participasen en edicións anteriores.
- É obrigatorio repetar o horario da feira. O posto deberá estar montado ás 11.00 e poderase desmontar a partir das 21.00 horas.
- O Concello de Sada será o responsable da elección dos e das artesás convidados segundo os criterios recollidos do ANEXO II.
- As persoas participantes serán responsables de traer a haima que conforme o punto de venta e lámpara se así o considera. O Concello pon a súa disposición puntos de luz.
- O posto será acondicionado polo artesán ou artesá con **motivos mariñeiros** que entronquen coa festividade na que se organiza a feira procurando que todos os stands teñan un tamaño e aspecto semellante.
- É obrigado colocar no fronte o cartel anunciador da Festa do Mar na que se inscribe o mercado que repartiran desde o Concello.
- O Concello de Sada pode modificar as condicións sendo comunicadas previamente as e aos artesáns.

8.- A organización reservase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte aos requisitos establecidos nesta convocatoria ou no caso de incumplimento evidente das normas de seguridade e de aforo. O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.



ANEXO I: Criterios selección:

CRITERIOS SELECCIÓN MERCADO MARIÑEIRO	
Participación en edicións pasadas	2
Adecuación coa temática mariñeira	1
Producto artesanal orixinal	1
Cartas de arte artesanos	1
Excluíranse aqueles que incumprian as bases	
No caso de empate o espazo será asignado por sorteo	



ANEXO II: SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO MERCADO MARIÑEIRO 2022

NOME DO POSTO:	
NOME DO TITULAR:	
DIRECCIÓN:	
CIF:	
DNI:	
PARTICIPANTE EDICIÓNS ANTERIORES	
DESCRIPCIÓN PRODUCTO OFERTADO:	
SITIO WEB / REDES SOCIAIS	

DATOS DO OU DA REPRESENTANTE:

NOME:	
DNI:	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

DNI	
CARTA ARTESANO	
RECOÑECIMENTO DE ALTA EN AUTÓNOMOS E PAGO DE ÚLTIMO RECIBO	
CERTIFICADO NONTER DÉBEDAS COAS ADMON (TESORERÍA SEG. SOCIAL, FACENDA E XUNTA DE GALICIA)	
SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	

SOLICITA

Participar no Mercado Mariñeiro que terá lugar nos vindeiros días 16 e 17 de xullo.

O/A solicitante manifesta coñecer as Bases de participación e o compromiso de observalas así como a normativa a que debe axustarse a súa actividade.

Asdo.

En Sada a de de 2022